

DIA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL

2 DE ABRIL
2017

iBbY

Creceremos junto con el libro!
Creceremos junto con el libro!
Creceremos zusammen mit Büchern groß werden!
Creceremos zusammen mit Büchern groß werden!
بزرگیم دشر بباتک اب اجکي ام
بزرگیم دشر بباتک اب اجکي ام
Grandir avec le livre!
Grandir avec le livre!
Facciamo crescere insieme con il libro!
Facciamo crescere insieme con il libro!
与书一起成长
与书一起成长
书と一緒に成長しましょう。
书と一緒に成長しましょう。

MEDREMOS CO LIBRO!



organización española
para el libro
infantil y juvenil

oepli

CONSEJO
GENERAL
DEL LIBRO

cliJCAT
Conell Català del Llibre
Infantil i Juvenil


Galizagorri
elkarria

galix
asociación galega
do libro infantil e xuvenil

INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE



RUSSIAN IBBY SECTION



Sergey Makhotin

Sergey Makhotin naceu en 1953 en Sochi e agora vive en San Petersburgo. Despois de se graduar no Insituto Literario Maxim Gorky de Moscova traballou como editor e autor para as revistas infantís periódicas “Leninskye Iskry”, “Kostyor” e “Chizh I Yezh”. Na actualidade traballa como editor de programas infantís en “Radio Russia”. É autor de máis de vinte libros para nenos e adolescentes, ademais dun poeta recoñecido. A súa colección de poemas para nenos titulada “A quen me parezo?” (2004) recibiu o prestixioso premio literario Marshak. A súa obra “Virus vorchanija” (“O virus rosmón”) foi nominada á Lista de Honra do IBBY de 2008.

Mikhail Fedorov naceu en 1941 en Moscova. En 1964 graduouse na Academia do Textil de Moscova. Mikhail é un artista multidisciplinar. Durante a súa vida desenvolveu unha verdadeira paixón pola arte –pintura, deseño de pósters, arte gráfica, moda, deseño de libros e ilustración–. A ilustración converteuse en algo moi importate para el, especialmente a ilustración de libros para nenos. A día de hoxe hai máis de 90 libros ilustrados por Mikhail Fedorov. Na súa obra, o artista esforzase por amosar aos nenos a vida en diferentes países e épocas, a súa cultura e historia.

Dende 1974, Mikhail Fedorov participa en mostras e concursos de ilustración e deseño literario en Rusia e outros países. Mikhail posúe máis de trinta premios nacionais e internacionais, incluída a Placa Dourada da Bienal de Ilustración de Bratislava (2007). Fedorov foi tamén nominado polo IBBY de Rusia ao Premio Hans Christian Andersen de Ilustración (2016).



Mikhail Fedorov

MEDREMOS CO LIBRO!

Cando era moi neno gustaba de construír casas con bloques e con xoguetes de todo tipo. No canto do tellado, decoño empregaba un libro infantil ilustrado. Nos meus soños, agatuñaba ao interior da casa, deitábame na cama feita cunha caixa de mistos e ollaba para as nubes ou o ceo estrelado. Dependía da ilustración que máis me gustase.

De maneira intuitiva, seguín a norma vital de cada neno, que procura crearse un medio cómodo e seguro; e un libro infantil de certo axudaba a conseguilo.

Logo medrei, aprendín a ler, e un libro na miña imaxinación comezou a parecer máis unha bolboreta, ou mesmo un paxaro, ca o tellado dunha casa. As páxinas do libro semellaban as ás e crepitaban. Parecía que o libro que xacía na repisa da ventá ía saír voando pola fiestra aberta cara a lugares descoñecidos. Collino e comecei a ler, e o libro comezou a acougar. Logo seguín o libro a outras terras e mundos, expandín así o espazo da miña imaxinación.

Que felicidade ter un libro novo nas mans! Ao principio non sabes de que vai. Resistes a tentación de abrir a última páxina. E que ben cheira! É imposible dividir o seu cheiro nos seus compoñentes: tinta de imprenta, cola... Non, non se pode. Un libro ten un cheiro particular, único e emocionante. As puntas dalgunhas páxinas péganse entre elas, coma se o libro aínda non estivese esperto. Esperta cando comezas a lelo.

Estás a medrar e o mundo ao teu redor está a facerse máis complicado. Estás enfrontándote a preguntas que ningún adulto está preparado para responder. Con todo, é tan importante que compartas as túas dúbidas e segredos con alguén! E velaquí que chega de novo un libro para te axudar. Moitos de nós nos temos sorprendido pensando “este libro vai sobre min!”. E, de súpeto, o personaxe favorito parécese a ti. Ten os mesmos problemas e enfróntase a eles con dignidade. E outro personaxe non se che parece en nada, pero queres que sexa o teu modelo a seguir, queres ser igual de valente ou ter o mesmo enxeño.

Cando un neno ou nena di “non me gusta ler!”, a min dáme a risa. Non lles creo. Seguro que comen xelados, xogan a xogos e ven películas interesantes. Noutras palabras: gústalles divertirse. E ler non é un traballo duro de cara a desenvolver os sentimentos e a personalidade, o que é, antes que nada, é un gran pracer.

E, para iso, especialmente, é para o que os autores escribimos libros infantís!

Sergey Makhotin

Traducción: Sabela González Panizo